

CONTRATO DE CONDUCTA

Os contratos de conduta, ou contratos de continxencias, son unha técnica específica para o desenvolvemento e/ou diminución de determinadas condutas.

A técnica en si consiste nun acordo escrito entre as partes afectadas (pai-fillos, profesor-alumno, etc.). O contrato debe establecerse en torno a unha negociación previa.

Mediante o contrato de conduta regúlanse as condutas que o/a alumno/a debe realizar e as consecuencias que con elo obterá.

VANTAXES:

- Claridade e obxectividade das continxencias individuais xa que o/a alumno/a sabe en cada momento cales son as consecuencias de realizar ou non determinadas condutas.
- Maior participación de o/a alumno/a no seu cambio comportamental.

PAUTAS PARA A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DO CONTRATO:

- Debe ser froito de unha negociación entre as partes intervintes.
- Deben expoñerse claramente as condutas que debe realizar o/a alumno/a e as consecuencias positivas que este obterá por a realización das mesmas, así como as consecuencias negativas por a súa incumprimento.
- Contrato debe realizarse periódicamente, para avalialo e introducir as modificacións que se acorden entre as partes.
- Débese tender, na medida do posible, a eliminación gradual de reforzadores materiais polos sociais e/ou de actividade.
- Uso de autorregistros como procedemento complementario
- O período de vixencia do contrato debe durar ata que se consoliden as condutas-obxectivo propostas no mesmo.

CONTRATO DE CONDUCTA

Eu, _____ alumno/a do CEIP FREI LUÍS DE GRANADA, son capaz de cumprir as seguintes condutas en clase:

1. REALIZAR O TRABALLO DE CLASE.
2. CONTESTAR EDUCADAMENTE AO PROFESORADO.
3. LEVANTAR A MAN PARA PEDIR CALQUERA COUSA AO PROFESOR/A
4. PERMANECER SENTADO/A NA CADEIRA REALIZANDO A TAREFA SEN MOLESTAR AOS DEMAIS NIN LEVANTARME SEN NECESIDADE.
5. COMPORTARME CORRECTAMENTE COS COMPAÑEIROS/AS SEN MOLESTALOS, NIN INSULTALOS, NIN PEGARLLES.
6. _____
7. _____
8. _____

- Realizando estas condutas, poderei obter puntos que o profesor/a anotarme no meu **CARNET DE CONDUCTA**.
- Ao final de cada día, entregareille o meu **CARNET DE CONDUCTA** a o/a profesor/a e el/ela anotarme os puntos que obteña no día segundo a miña conduta.
- Os puntos que obteña, podereinos canxear semanalmente por aquelas cousas que me gustan.

PUNTUACIÓN:

Conduta mala.....	0 puntos
Conduta regular.....	3 puntos
Conduta boa.....	6 puntos
Conduta moi boa.....	10 puntos

E como son capaz de realizar todo isto, asino abaixo xunto a o/a profesor/a:

En Sarria, a _____ de _____ de 20__

Asdo: O/a alumno/a:

O/a profesor/a:

COMPROMISOS VOLUNTARIOS PARA ESTE TRIMESTRE.:

ALUMNO/A: _____

CURSO: _____ DATA: _____

1. Sobre: **MELLORAR** ou MANTER o meu rendemento e traballo en clase: Eu vou facer

2. Sobre **MELLORAR** a miña atención e a miña conduta: Eu comprométome a

3. Con todo o anterior, **Eu quero conseguir...**

SINATURA DE O/A ALUMNO/A:

SINATURA DE O/A PAI/NAI

PARA ISO PIDO...

A) Aos meus COMPAÑEIROS/AS, POIS ELES/AS PODEN

B) Aos meus PROFESORES/AS, POIS ELES/AS PODEN

C) Aos meus PAIS, POIS ELES PODEN

SINATURA DE O/A TITOR/A.